CAMPAÑA DIA DO PAI 2026

Agasalla a Papá, con ACISA

BASES DO SORTEO

A entidade organizadora é a Asociación de Comerciantes, Industriais, Servizos e Autónomos de Ribadeo (A.C.I.S.A. Ribadeo)

Os participantes deben ser maiores de idade (18+)

1º COMO PARTICIPAR:

Solo por comprar nos comercios asociados a A.C.I.S.A Ribadeo **poderás conseguir un dos 4 premios para dúas persoas que poñemos en xogo.**

Para participar no sorteo deberase realizar unha compra nos establecementos asociados a ACISA. Os comercios entregarán unha (ou varias) papeleta(s)por cada compra realizada.

A cantidade de rifas a repartir por cada compra establecerase mediante criterio de cada establecemento.

Os comercios darán a papeleta a cubrir, unha vez realizada a compra e encargaranse de gardalas ata o día que finalice o prazo para participar.

Unha vez finalizado pasaremos a recoller as rifas polos comercios para o seu posterior sorteo nas oficinas de ACISA.

As rifas, para considerarse válidas e así reclamar o premio, deberán estar debidamente seladas por cada establecemento de xeito visible na parte dianteira ou traseira da mesma.

As rifas poderanse atopar nos establecementos asociados a ACISA Ribadeo do 12 ao 25 de marzo de 2026.

2º SORTEO:

O día 26 de marzo entregaranse por parte dos comercios as papeletas CUBERTAS E SEPARADAS (para facilitar a realización do sorteo) aos membros da oficina de ACISA RIBADEO.

O dia 26 pola tarde, procederase a sortear os premios.

O sorteo realizarase nas oficinas de A.C.I.S.A. Ribadeo, sacando dunha urna as papeletas.

Posteriormente, e **no mesmo dia notificaráselle ás persoas gañadoras a través de chamada telefónica**. Tras tres intentos sen obter contestación pasarase a volver a sortear o premio.

Os premios sortearanse individualmente e os premios non son acumulativos.

Ningún premio quedará deserto. O listado de premiados farase publico o mesmo dia 26 tras a celebración do sorteo.

Unha vez acepten deberán pasar pola oficina de A.C.I.S.A. Ribadeo o dia 27 de marzo á hora que indique a organización, na Rúa San Roque 57 Baixo, para recoller o premio.

3º PREMIOS:

2 visitas guiadas a Bodegas Docampo, en Ribadavia, con aloxamento dunha noite para dúas persoas, no seu Hotel Pazo Carballo, a desfrutar no mes de maio de 2026.

2 almorzos para dúas persoas en Mareta.

4º NORMAS DE PARTICIPACIÓN:

Debido a natureza desta campaña, poderá participar calquera cliente dos establecementos adheridos maiores de 18 anos a excepción de:

- Os donos ou traballadores e os seus parentes, dun establecemento participante coas papeletas do propio establecemento onde traballe. (Non se impide participar con papeletas doutros negocios onde puideron realizar compras)
- O xerente, presidenta e membros da xunta directiva de A.C.I.S.A. Ribadeo
- A organización reservase o dereito de revisión no caso de detectar condutas ou patróns estranos nas rifas ou sorteos.

*Para o cobro do premio requírese a aceptación das bases deste sorteo mediante certificado expedido pola asociación e firmado polos gañadores dos premios.

* A aceptación deste concurso conleva a toma de fotografías dos premiados para as súas posteriores publicacións en medios de comunicación e redes sociais.

* O uso dos datos de carácter persoal son unicamente para a celebración do sorteo, solo o persoal autorizado de ACISA Ribadeo terá acceso a eles, e este limitase a identificar ao gañador e proceder a notificarlle que gañou un premio, así como para a publicación dos nomes dos gañadores en medios de comunicación e redes sociais. Tralo sorteo tódalas rifas serán destruídas debidamente.

* A organización reservase o dereito de modificar estas bases por causas de forza maior.